

- Actividade na que só poden participar as persoas maiores de 60 anos empadroadas en Oleiros. O prezo de cada saída (Excursionismo e Sendeirismo) é de 10 euros. No prezo está incluído o transporte, o equipo de monitores/as e as visitas. O prezo da saída de fin de semana é de 50 euros, incluído transporte, monitores, aloxamento, cea do sábado, almorzo e comida do domingo.
- As persoas deben aboar a excursión de un día na semana posterior á súa realización. Os recibos para o pagamento entregaráselle durante a ruta no autobús. As rutas de fin de semana deberán abonarse antes do 8 de setembro. As persoas que non realicen o pagamento no prazo establecido serán dadas de baixa en todas as rutas nas que estean inscritas.
- A comida da excursión corre a cargo de cada participante. Nas rutas de excursionismo se intentará elixir un restaurante para poder xantar en grupo, e seleccionar vilas que dispoñan de restaurantes, ou ben espazos o aire libre para as persoas que decidan non comer co grupo. Nas rutas de sendeirismo a comida sempre será no camiño, no lugar que o ritmo do grupo determine.
- Os asentos dos buses non están numerados, en ningún momento se realizarán reservas.
- Os horarios de saída de excursionismo comunicaranse por teléfono a semana anterior da saída.
- As persoas inscritas en sendeirismo deben acudir, obrigatoriamente, á xornada de formación o mércores 16

de maio na Fábrica en Perillo as 10:30 h da mañá onde complementarán a inscrición e informaranse dos horarios e características da saída.

- As persoas inscritas na ruta de sendeirismo de fin de semana deberán ter participado polo menos nunha saída de sendeirismo e serán convocados a unha reunión de preparación a finais do mes de agosto.
- As persoas inscritas están obrigadas a comunicar a renuncia á praza nun prazo dunha semana anterior á saída. De non facelo así, causarán baixa en todas as excursións nas que estean inscritas. A comunicación da baixa deberá facerse telefónica ou ben presencial nos Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Oleiros.
- Todas as persoas deberán ser autónomas e contar con preparación física axeitada para desenvolver 14 quilómetros nas rutas de sendeirismo.
- O programa Ven e descubre é unha actividade en grupo dirixida por un equipo de monitores e monitoras, polo que as persoas inscritas deben acollerse en todo momento ao programa establecido.
- O Concello sempre poderá anular ou modificar rutas sempre que o estime oportuno. Ben sexa por factores climatolóxicos, sanitarios, de participación ou por outros aspectos da organización.
- O Concello sempre poderá anular prazas en función das características da persoa solicitante e o seu comportamento.



# Ven e Descubre! 2023

# Ven e Descubre! 2023



## Camións



**Concello de Oleiros**  
Concellería de Servizos Sociais e Igualdade

- Itinerarios acompañados para encontrarse coa cultura e a natureza.
- Descubrir camiños históricos que nos levan ao coñecemento, ao encontro e ao gozo na compañía da nosa veciñanza.



# Ven e Descubre! 2023

## EXCURSIONISMO ▶ Xoves de excursións: Itinerarios culturais con visitas guiadas en grupo

### ■ Camiño do descubrimento (Oia, Baiona)

Camiños que levan ao descubrimento doutros mundos aquí e alén do mar.

Visitas guiadas ao mosteiro de Oia e á vila de Baiona coñecendo a Casa da Navegación e a Caravela A pinta.

### ■ Camiño do norte (Lourenzá, Mondoñedo)

Visitar Mondoñedo, visitar Cunqueiro, as súas xentes, as súas falas, os seus recunchos máis máxicos e as paisaxes máis fantásticas. O interior da Galicia, o agro.

Visita ao museo de Álvaro Cunqueiro, vila de Mondoñedo e Lourenzá e o seu Centro de Interpretación da Faba.

### ■ Camiños das letras do Mar de Arousa (Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal)

Unha comarca rica en letras, as vilas e a obra literaria de Valle Inclán, Rafael Dieste, Manuel Antonio ou Castelao pero tamén as de mulleres bravas que non deben ser esquecidas como Virxinia Pereira e Belarmina Ordóñez.

Visitas guiadas á vila de Rianxo, Boiro e a Pobra do Caramiñal e o seu museo de Valle Inclán.



| ● Xoves de EXCURSIÓN    | CAMIÑO DO DESCUBRIMENTO | CAMIÑO DAS LETRAS | CAMIÑO DO NORTE |
|-------------------------|-------------------------|-------------------|-----------------|
| 1 PERILLO               | 27 de ABRIL             | 8 de XUÑO         | 6 de XULLO      |
| 2 NÓS                   | 4 de MAIO               | 1 de XUÑO         | 13 de XULLO     |
| 3 MAIANCA-SERANTES-DEXO | 11 de MAIO              | 7 de SETEMBRO     | 29 de XUÑO      |
| 4 SANTA CRUZ-DORNEDA    | 18 de MAIO              | 14 de SETEMBRO    | 15 de XUÑO      |
| 5 OLEIROS-IÑÁS-MONTROVE | 25 de MAIO              | 21 de SETEMBRO    | 22 de XUÑO      |

## Inscricións

Para participar en excursionismo debe inscribirse por teléfono no 981 610 000 en horario de 16:00 a 20:00 h facilitando o nome, DNI, data de nacemento e parada de autobús.

As prazas son limitadas, non se recollerán máis de 2 inscricións por chamada e outorgaranse por rigorosa orde de inscrición.

Busque a localidade coa que desexa participar e apúntese nas datas de inscrición que lle corresponda: →

### Datas de inscrición en Excursionismo

- 1. Perillo: 11, 12, 13 e 14 de abril
- 2. Nós: 17, 18, 19 e 20 de abril
- 3. Maianca - Serantes - Dexo: 21, 24, 25 e 26 de abril
- 4. Santa Cruz - Dorneda: 27 e 28 de abril, 2 e 3 de maio
- 5. Oleiros - Iñás - Montrove: 4, 5, 8 e 9 de maio

## SENDEIRISMO ▶ Martes de sendeirismo: andainas guiadas entre 10 e 14 km

### ■ Camiño Inglés (Ponte do Porco e Presedo)

Ruta que segue tramos do camiño inglés nas "Mariñas coruñesas", valores culturais do noso entorno máis próximo.

■ Camiño do mar Cantábrico (A Mariña, entre Barreiros e Burela) Andaina polos camiños naturais do cantábrico que nos levarán ata Burela e o seu porto para encontrarnos cos pescadores da "Moncloa" e subir ao Barco Museo Boniteiro "Reina del Carmen".

■ Camiño de Inverno (entre Bandeira e Ponte Ulla) Sendeiros do camiño a Compostela, acceso natural a Galicia xa usado polos romanos que nos levará ao corazón de Galicia.



| ● Martes de SENDEIRISMO                      | CAMIÑO INGLÉS | CAMIÑO do MAR CANTÁBRICO | CAMIÑO de INVERNO |
|--|---------------|--------------------------|-------------------|
| 1 PERILLO e MONTROVE                         | 23 de MAIO    | 27 de XUÑO               | 5 de SETEMBRO     |
| 2 SANTA CRUZ-DORNEDA-SERANTES-DEXO e MAIANCA | 30 de MAIO    | 20 de XUÑO               | 19 de SETEMBRO    |
| 3 NÓS-IÑÁS-OLEIROS                           | 13 de XUÑO    | 4 de XULLO               | 12 de SETEMBRO    |

## Inscricións

Para participar en sendeirismo debe inscribirse vía telemática a través da sede electrónica da páxina web: [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Se as solicitudes recibidas superan as prazas, se realizará un sorteo aleatorio para a adxudicación de praza.

### Datas de inscrición en Sendeirismo

- Desde o 9 de maio as 9:00 h da mañá ata o 12 de maio ás 15:00 h da tarde.



## SENDEIRISMO DE FIN DE SEMANA ▶ Dúas andainas guiadas entre 10 e 14 km

Para participar nesta actividade teñen que ter participado polo menos nunha das rutas de sendeirismo

### ■ Camiños da cultura

(Terras de Ourense no Carballiño)

Roteiros por tramos do camiño medieval dos arrieiros, do Camiño de Nós e a ruta Mozárabe da vía da prata.

Terras de Ourense montaña, bosques, historia e río. Lembraremos o Camiño de Nós feito polos intelectuais galegos en 1926 a través de camiños medievais. Unha fin de semana co aloxamento na Escola de Tempo Libre do Carballiño.

### ● FIN DE SEMANA: CAMIÑOS da CULTURA

Todas as localidades de Oleiros

23 e 24 de SETEMBRO

30 de SETEMBRO e 1 de OUTUBRO